EXPEDIENTE:	**2026/00046913P**
PROCEDEMENTO:	**Xestión de subvencións nominativas**

PROPOSTA DE CONVENIO

Para canalizar subvención nominativa entre o Concello de Santiago de Compostela e o Mercado de Abastos de Santiago, Sociedad Cooperativa Galega.

En Santiago de Compostela, de de 2026

REUNIDOS

Dª Goretti Sanmartín Rei, alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro do disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 57/2003, e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e expresamente facultada para este acto en virtude do acordo adoptado na sesión plenaria do día 17 de xuño de 2023.

Doutra parte, D. Luis Millán Gómez en representación de Mercado de Abastos de Santiago, Sociedade Cooperativa Galega, con NIF F-15.701.519 e domicilio en Torre Central, Praza de Abastos, Santiago de Compostela. A sociedade cooperativa constituiuse perante o notario Manuel Peregil Cambón o día 30 de xuño de 1999 baixo o número de protocolo 1835.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Os mercados municipais ou prazas de abastos considéranse elementos dinamizadores, vertebradores e potenciadores do comercio das cidades. Isto significa contemplar o mercado no conxunto da cidade e non como un elemento illado, como unha ferramenta de traballo ao servizo dos cidadáns, como un instrumento para facer política comercial e en ocasións tamén social.

A necesidade de adaptación aos cambios da oferta e a demanda e a continua irrupción de innovacións tecnolóxicas determina a necesidade de crear novas ideas e concepcións comerciais que en moitos casos significa a modificación das formas establecidas.

Neste novo escenario, os mercados municipais deben tender a cambiar os seus hábitos sen renunciar a súa esencia, determinada polo produto fresto, a calidade e a atención personalizada ao cliente.

O Concello de Santiago apoia os obxectivos xerais da Praza de Abastos de Santiago de Compostela que se concretan en :

- Posicionar ao mercado como a despensa do produto fresco local da cidade e da comarca.
- Concienciar á poboación da importancia do consumo do produto local polos seguintes motivos:
- menos pegada de carbono, menos conservantes, apoio á economía local, etc.
- Promocionar un consumo responsable de alimentos de tempada.
- Apoiar a cultura, o idioma e a gastronomía galega.

O Concello de Santiago de Compostela é consciente da necesidade de facer chegar ao público as oportunidades da Praza de Abastos como recinto de referencia na comercialización de produtos frescos na cidade kilómetro 0, para o cal resulta precisa a potenciación dos eixes de comunicación do mercado.

Nesta liña de acción, a xerencia do recinto formula a necesidade de elaborar novas campaña e actividades que promocionan o centro comercial en redes sociais e que conta coa clara vontade de colaboración do Concello.

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece dunha banda a competencia xenérica dos Concellos, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en moi diversas materias, entre as que se contan, abastos, feiras e mercados (artigo 25.2) e promoción turística. Así mesmo a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de

Galicia, establece que os Concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de abastos, feiras e mercados (art. 80.2.g).

Por todo o anterior o Concello de Santiago de Compostela e Mercado de Abastos de Santiago Soc. Coop. Galega, subscriben o presente Convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da subvención.

O obxecto da subvención é a dinamización e promoción comercial na cidade a través do financiamento das actividades descritas na estipulación segunda do presente convenio, desenvoltas no ano 2026 por Mercado de Abastos de Santiago, S.Coop. G., coa finalidade de dinamizar o seu ámbito de actuación.

SEGUNDA.- Actuacións a desenvolver.

1.- Desenvolvemento dos contidos para redes sociais durante o exercicio 2026

Orzamento: 6.000 euros más IVA (21%).

2.Compra de bonos-hora para os aparcadoiros colindantes co mercado para os clientes durante o ano 2026.

Orzamento: 4.000 euros más IVA (21%).

TERCEIRA.-Contía

O Concello achegará, con cargo á partida orzamentaria 060 43120 4790001, DEZ MIL EUROS (10.000,00 euros) para a execución das actuacións obxecto do Convenio, que se pagarán previa presentación da xustificación do gasto consonte ao estabelecido no presente documento e tras o informe do departamento responsable no que se xustifique o cumprimento da finalidade da subvención concedida e co límite de financiación municipal de 10.000,00 euros con independencia de que o importe da actividade xustificada sexa superior.

De acordo ao artigo 31.8 da Lei 38/2003, os impostos indirectos só son gastos subvencionables cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Polo que o IVE recuperable pola entidade beneficiaria non ten consideración de gasto subvencionable.

CUARTA: Xustificación

A xustificación realizarase consonte ao disposto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e que deberá conter a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

    a. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

    b. As facturas e documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que fai referencia o parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

    c. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

3. Certificación da conta bancaria na que desexa que se lle abone o importe da subvención.

Incorporarase un informe emitido polos técnicos municipais do centro xestor no que se faga constar que a xustificación achegada cumpre coa finalidade do convenio.

QUINTA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do grao de execución do presente Convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes signatarias.

SEXTA.-

A vixencia do presente Convenio estenderase ata o 10 de novembro de 2026 data na que haberán de estar presentados os xustificantes de gasto consonte ó indicado na cláusula cuarta.

De acordo ao antedito, só serán subvencionables os gastos realizados con data límite de 10 de novembro de 2026 que conten coa axeitada xustificación.

SÉTIMA.-

A presente subvención será incompatible coa percepción de calquera outra subvención, axuda ou ingreso percibido coa mesma finalidade.

A alteración das condicións recollidas no presente documento ou o incumprimento do obxecto do convenio dará lugar á perda da subvención.

OITAVA.-

O presente Convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.-

Consonte ao establecido no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións os beneficiarios deberán dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actuación subvencionada nos termos regulamentariamente establecidos.

En proba de conformidade asínase o presente Convenio por quintuplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

DÉCIMA.-

Establécense como causas de extinción e resolución do presente convenio as estipuladas no artigo 51 da Lei 40/2015:

Son causas de extinción:

a) O cumprimento das actuación que constitúe o obxecto ou

b) incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución, de acordo co artigo 51.2, da devandita lei:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen haberse acordado prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os firmantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos firmantes.

A alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela	O representante do Mercado de Abastos de Santiago, S.C.G.
Ado. Goretti Sanmartín Rei	Ado. Luis Millán Gómez

MARÍA CARMEN RODRÍGUEZ NÚÑEZ
Data da sinatura: 21/10/2026
Técnica de Xestión SUSTENTABILIDADE
E SERVIZOS BÁSICOS